

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE XUÑO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta de xuño de 2021, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde Presidente, en funcións, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e a Interventora Xeral Municipal accidental, dona María Concepción Castro-Gil Iglesias, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación da contratación do servizo de elaboración e distribución de almorzo e comida así como atención e apoio durante dito servizo levados a cabo pola Concellería de Educación nos CEIPs de Lugo. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación polo procedemento aberto e regulación harmonizada, así como a apertura do procedemento de adxudicación. (Exp. Ref. 2021/C003/000005).

Aprobase a prórroga do contrato administrativo correspondente á explotación do servizo de cafetería restaurante anexo ó Centro de Empresas e Innovación (CEI Nodus-Espazo Lab-Parque de Bombeiros), polo período comprendido entre o 21 de xuño de 2021 e o 20 de xuño de 2022. [Expediente Tecol 2020/C005/000009 (2019-007)].

Tamén se aprobou a contratación da obra “Mantemento e mellora de camiños no Burgo, Galegos e Bascuas”, do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado e a apertura do procedemento de adxudicación. (Exp. Ref. 2021/C002/000033).

2. PERSOAL.- Aprobase a atribución temporal de funcións de encargado de brigada de Zona Rural.

Aprobáronse as seguintes propostas: de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Intendente da Policía Local, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cal

Refª: ispac4620317176275332287.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-6-2021

Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2018); a proposta de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 7 prazas de Inspector da Policía Local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, (6 incluídas na ampliación da OEP 2018 e 1 incluída na OEP 2020) e a proposta de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 10 prazas de oficial da policía local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (1 incluída na oep 2018, 6 incluídas na ampliación da OEP 2018 e 3 incluídas na OEP 2020).

Aprobáronse as seguintes modificacións: do acordo 22/350 de aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de dúas prazas de Oficial de Policía Local, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (1 incluída na OEP 2018, 6 incluídas na ampliación da OEP 2018 e 3 incluídas na OEP 2020 e do acordo 9/35 de bases específicas para o acceso en propiedade de dúas prazas de Oficial de Policía Local pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (2016).

3. FACENDA LOCAL.- Desestimouse o escrito presentado por disconformidade coa valoración do presuposto de execución material das obras de construción de vivenda unifamiliar e alpendre no núcleo rural tradicional de Toiriz (Piúgos), 16, aplicada na liquidación núm. 10223085 (278/2020) xirada en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 10.217,62 €.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN

4. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Aprobáronse as bases de selección de persoal do obradoiro de emprego START IOT 5.0.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

5. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Tomouse razón da sentenza ditada polo Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Lugo, interposta contra a resolución adoptada pola Xunta de Goberno Local de data 31 de xaneiro de 2018, que declara a caducidade da licenza urbanística municipal nº 312/2011, para construír un edificio na rúa Cánovas del Castillo, parcela e-5. (expte caducidade 15/17).

Aprobáronse as licenzas para a segregación e posterior agregación de tres parcelas rústicas, sitas en Penosa (expte: 2021/y005/000006) e a de demolición de dous edificios sitos na rúa Adolfo Suárez, números 108-110 (expte: 2021/y001/000156).

Denegouse a licenza urbanística para instalación de estación de lavado na Avda. Benigno Rivera (expte: 2020/y001/000322).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.